

VISITA GUIADA AO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

A primeira das moitas actividades que a Asociación Cultural Arumes do Corgo realizou no 2010, foi unha visita guiada ao Museo Provincial de Lugo, que se fixo no mes de xaneiro. Durante a visita realizamos un percorrido xeral polas diversas estancias do museo: a cociña, na que se nos amosa a lareira e pezas tradicionais que eran usadas habitualmente nas casas; a sala dos torques, na que atopamos pezas recuperadas en escavacións nos castros; a sala con mosaicos romanos e exposicións de lucernas; e o claustro, na que vimos unha importante colección de reloxos de sol, miliarios e estelas funerarias. Visitamos tamén algunhas das pezas máis significativas do museo.

Despois centrámonos nas pezas que se gardan no museo e que teñen alguna relación directa ou indirecta coas terras e as xentes do Corgo. Así puidemos contemplar os restos da parte inferior dunha xigantesca figura de granito atopada no castro de San Fiz de Bergazo, o miliario de Adriano, recuperado en Arxemil, o miliario anepigráfico de San Martín de Perliños, o miliario de Franqueán, unha estela recuperada en Cela, un busto en madeira obra de Alejo Otero Besteiro e algunhas outras pezas máis.

Unha visita moi interesante ao museo, importante centro de cultura na provincia, que non podemos deixar que perda fondos e que é preciso dar a coñecer entre os lucenses co fin de que valoren as súas raíces e o seu pasado.

XANTAR E CELEBRACIÓN DO ENTROIDO

A Asociación Cultural Arumes do Corgo celebrou no mes de febreiro o **entroido** cun xantar de confraternización. Como é tradicional, degustamos un magnífico cocido no restaurante "Playa" de Gomeán, ao que asistimos uns cincuenta socios/as. Despois, os máis decididos prolongaron a xornada "correndo o entroido" por varias aldeas do Corgo. Remataron ben entrada a noite co propósito de repetilo para o próximo ano e poder gozar doutro día de convivencia e divertimento.



Logotipo do novo Club de Atletismo Arumes-Área 10

FUNDACIÓN DO CLUB DE ATLETISMO ARUMES-ÁREA 10

QUE É O CLUB DE ATLETISMO ARUMES-ÁREA 10?
É un club deportivo constituído recentemente (o día 18 de febreiro de 2010) no Corgo co fin de promover o atletismo entre mozos e maiores, non só no concello do Corgo senón tamén nos concellos limítrofes.

FICHA TÉCNICA

DATA FUNDACIONAL: 18 de febreiro de 2010
TELÉFONO: 626 73 93 90
CORREO-E: arumesarea10@gmail.com
PÁXINA WEB: <http://arumesarea10.blogspot.com>

QUEN FORMA PARTE DO PROXECTO?

Detrás da fundación e posta en marcha do club de atletismo están varias asociacións (A.C. Arumes do Corgo, organizadora, entre outras, da I Carreira Popular Arumes do Corgo, E.C Área 10, entidade que traballa no ámbito deportivo corgués dende rapaces ata adultos), administracións públicas (Concello do Corgo, Deputación de Lugo...) e persoas a título individual relacionadas co mundo do deporte e en concreto co atletismo. É polo tanto un colectivo plural que nace coa ilusión de fomentar o atletismo na contorna.

QUEN PODE FORMAR PARTE?

Todas as persoas que teñan un mínimo interese polo deporte e en concreto polo atletismo teñen cabida no proxecto. Nenos pequenos, adolescentes ou adultos atoparán no Club de Atletismo Arumes-Área 10 un equipo técnico e humano disposto a asesorar dun xeito multidisciplinar e individualizado os atletas que se animen a participar.

QUE VANTAXES TES POR APUNTARTE?

A maiores do asesoramento técnico e individualizado o club de atletismo ofrécete formación, información de eventos de atletismo, recursos materiais, descontos, equipamento deportivo e o máis importante, todo o apoio para que mediante o deporte poidas medrar como persoa.

POR QUE ESCOLLER O ATLETISMO?

Como dixemos antes, o atletismo pódese considerar a primeira práctica deportiva empregada polo home e unha das máis completas de cantas existen.

O atletismo é un deporte que contén un conxunto de disciplinas agrupadas en carreiras, saltos, lanzamentos, probas combinadas e marcha. É a arte de superar o rendemento dos adversarios en velocidade ou en resistencia, en distancia ou en altura.

A maiores consideramos que tanto no Corgo, como nos concellos limítrofes existe unha oferta deportiva demasiado centrada nos deportes de masas como o fútbol, o baloncesto ou o fútbol sala, ata o punto de absorber todos os recursos existentes.



Seccións xuvenís do Club na II Carreira Popular Arumes do Corgo acompañados polo presidente da Federación Galega de Atletismo

E por último, consideramos o atletismo unha modalidade capaz de abrir portas por igual aos homes como as mulleres (xa dende as antigas civilizacións como a exipcia ou a grega).

SOCIOS/AS

Os socios pagarán unha cota anual de 50 € (previamente todos os interesados poderán gozar dun período de proba gratuíto dun mes), que inclúe o equipamento deportivo: chandal e camiseta. Os menores de idade terán incluído

tamén os gastos federativos, seguro deportivo e adestramentos.

ADESTRAMENTOS

Os adestramentos realizaranse dúas veces á semana durante unha hora, ben nas instalacións deportivas do CEIP do Corgo, ben nas pistas de atletismo das Pedreiras (Lugo).

XORNADA DE CONVIVENCIA EN ORBAZAI CON OUTRAS ENTIDADES SOCIAIS DA ASOCIACIÓN TERRAS DE LUGO

O pasado 27 de marzo de 2010 tivo lugar a “I Xornada de Valorización Cultural e Paisaxística de Orbazai”, organizada pola Asociación Terras de Lugo coa colaboración da A.C. Arumes do Corgo e na que participaron máis dun centenar de persoas.

A xornada comezou cunha ruta de sendeirismo de aproximadamente 7 Km pola beira do río Miño, dende o aparcadoiro do estadio Anxo Carro ata as oficinas de Terras de Lugo sitas no lugar de Torre (Orbazai), gozando durante o percorrido das aportacións de veciños da parroquia e de membros de Adega sobre as características da contorna.



Veciña de Orbazai comentando as peculiaridades da ruta

Nunha carpa montada no aparcadoiro existente a carón da igrexa de Orbazai e da sede de Terras de Lugo, celebrouse a intervención do máis coñecido humorista galego, Carlos Blanco, ao que hai que agradecerlle a súa compañía previa no do roteiro.

E para finalizar, transmitíndonos a súa esencia tradicional galega, o grupo de música e baile galego “A Legua Dereita do Corgo” deleitou os asistentes coa a súa actuación, facéndonos partícipes nalgunhas pezas.

CURSO DE INICIACIÓN AO BAILE GALEGO

Nos meses de marzo, abril, maio e xuño desenvolveuse dende a A.C. Arumes do Corgo un curso de iniciación ao baile galego destinado ao público adulto. Este curso foi impartido por Laura Fouz Bacariza, mestra de baile, entre outras, na A. C. Legua Dereita do Corgo, entidade coa que Arumes mantén unha ampla e estreita colaboración.

As clases impartíronse os martes de 21:00 h a 22:00 h, cun temario moi amplo, dende bailes soltos como a muiñeira e a xota e os seus derivados (carballesa, fandango...), ata bailes agarrados, como o pasodobre, o valse, a mazurca, a rumba ou a polca, así como a colocación do corpo e dos brazos para o baile, abordado todo dende un nivel de principiante.



Participantes no curso de baile galego

O curso contou cunha grande acollida tanto entre os socios e socias como os non socios da asociación, contando con alumnado de moi diversa idade, xa que se trata dunha excelente actividade de lecer, así como deportiva, sen esquecer a contribución á conservación e espallamento dun rico e importante ben cultural como é o baile tradicional galego.

IV XORNADAS DE OFICIOS ARTESANAIS: “OS FERREIROS”

Os días 24 e 25 de abril celebráronse no Centro Sociocultural do Corgo as cuartas Xornadas de Oficios Artesanais. En anos anteriores, os traballos do liño, a cestería e a olería foron os temas escollidos. Desta vez tocoulle aos **ferreiros**.



Presentación aos medios de comunicación das IV Xornadas na forxa do Ferreiro de Manán e coa asistencia do Vicepresidente Primeiro da Deputación de Lugo

Durante eses días, os socios/as de Arumes atenderon o local en horario de mañá e tarde para que os visitantes tiveran a atención debida.

ACTIVIDADES REALIZADAS:

- a) Montaxe dunha **exposición** que contou cunha variada colección de pezas de forxa e ferramentas utilizadas polos ferreiros. Moitas pezas foron cedidas por ferreiros do Corgo (de Manán e Laxosa) polo membro da Xunta Directiva da Asociación Manuel Fernández López (**Lolo de Anseán**) e por outros socios, como Pepe de Vilar.

Foi posible ver reixados, sachadoras, picaportes, pechaduras, cravos, podóns, machados, machetas coitelos, navallas, gramalleiras, rellas, cataventos, romanas, morillos, cepos, ferramentas de xoqueiro, cazos, parafusos, presillas das fiestras...

Os ferreiros do concello do Corgo, antes citados, tiveron un apartado especial para a exposición dos seus traballos. Agradecemos-lles desde estas páxinas a súa colaboración e axuda.

- b) **Demostracións en vivo** a cargo do artesán **Alberto Leis Veiga**, de Santiago, que traballou nun cuberto montado polos socios de Arumes no exterior do Centro Sociocultural.



Demostración en vivo do ferreiro Alberto Leis

- c) **Obradoiro** lúdico para os visitantes, que puideron participar co ferreiro e facer sinxelas pezas.
- d) **Paneis explicativos** dos diferentes procesos do traballo do ferro (...)
- e) **Proxeccións audiovisuais.**
- f) **Outros:** cartaces, trípticos explicativos, cantigas relacionadas cos ferreiros...

O público asistente tivo a ocasión de visitar a exposición, coas pezas agrupadas polo seu lugar de procedencia e debidamente etiquetadas, ver proxeccións audiovisuais, observar o traballo do artesán e levar para a súa casa trípticos que se editaron para a ocasión.

Os **trípticos** contaban cun LIMAR que explicaba a historia do ferro en Galiza, a evolución das ferrerías, os empresarios e os xacementos máis importantes. Outro apartado estaba ocupado pola ferrería hidráulica e as súas partes. A continuación, detallábanse as fases do traballo do ferro e as ferramentas utilizadas polos ferreiros, así como os oficios relacionados coas ferrerías. Tamén se relacionaban as ferrerías da provincia de Lugo, con mención especial dos ferreiros do concello do Corgo que tiveron moita importancia no seu tempo.

Como vén sendo habitual, as xornadas tiveron unha importante asistencia de público, que se interesou polas pezas expostas, polos procesos de traballo do ferro e por aprender algo máis sobre este importantísimo oficio tradicional.

EXCURSIÓN POR TRIACASTELA-SAMOS-SARRIA CON RUTA DE SENDEIRISMO POLO CAMIÑO FRANCÉS DE SANTIAGO, XANTAR DE CONFRATERNIZACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES CULTURAIS E VARIAS VISITAS GUIADAS

O sábado, 29 de maio, tivo lugar o encontro anual, das Asociacións; Agrupación Instrutiva Caamouco (Redes), Arumes do Corgo, Arcas de Sárria e Amigos do Patrimonio.

Este ano correspondíalle organizar a xuntanza destas asociacións a Arcas de Sárria. O encontro tivo lugar en Samos, e seguidamente, de camiño a Triacastela, comezamos a visita polo pazo de Lusío, coa explicación, de Xaime Félix, a quen lle damos as grazas por todas as súas palabras e preocupacións durante todo o día e que non imos comentar aquí, simplemente aludir á importancia deste enclave, berce de matemáticos, entre outros, salientar o matemático Vázquez Queipo.

Desde aquí a Triacastela, comenzando a visita pola igrexa de Santiago, foto de grupo fronte ao monumento a Santiago e comezo do camiño que, entre Triacastela e San Cristovo do Real vai paralelo á estrada de Pedrafita do Cebreiro a Palas de Rei, polo que nese primeiro treito houbo que camiñar en ringleira, pois é estrada moi transitada polos camións que van para a cementeira do Oural e por numerosos peregrinos. Dicar que levamos á esquerda o río Sárria, pasamos pola PENA PARTIDA e a PONTE DE ALMIRÓN, para volver a cruzar o río na fermosa aldea de SAN CRISTOVO, e xa na marxe dereita do río seguiremos por unha corredeira ata perto do muiño de RENCHE. Despois de subir unha pequena costa chegamos á igrexa de Santiago de Renche seguimos uns metros pola estrada, e collemos outra baixada cara ao río, que se atravesa na ponte de LASTRES. Pasamos por esta aldea e por zonas de fermosos prados chegando ao lugar de FREITUXE REAL, volvemos cruzar o río na ponte de San Martiño do Real, subimos ata a estrada, que se atravesa por un paso soterrado, e polas cortiñas de fóra da "Chousura", deixando á dereita a alta cerca do Mosteiro. Desde ese punto hai unha fermosa vista do MOSTEIRO DE SAMOS. Chegamos a Samos por Outeiro e o barrio do Fontao, e desde aquí visita a capela do ciprés. Alí, explicación de Xaime Félix do nacemento deste enclave e da vila de Samos e, seguidamente, foto de grupo nas escaleiras do mosteiro e xantar.



Foto de grupo aos pés do Mosteiro de Samos

Logo de comer intercambio de agasallos entre as Asociacións e a seguir unhas palabras de Xurxo, presidente de Arumes, quen comentou que para o vindeiro ano, serán eles os que asuman a organización. Tamén Cacabelos, da Asoc. Instrutiva de Caamouco fixo referencia ao centenario (case nada, cen anos) que esta agrupación vai celebrar.

Pola tarde, visita ao mosteiro de Samos e ao mosteiro da Madalena de Sárria, despedida aos de Caamouco (Redes), e a seguir vista á zona vella e ao “malecón” Sárria.

Comentar que mentres se realizaron estas visitas, unha representación de Arcas, Arumes e Amigos do Patrimonio subimos á parroquia do Hospital do Cebreiro, onde se lle estaba a render unha homenaxe ao padre Mato. Houbo entrega duns agasallos, e unhas palabras con motivo da celebración dos seus 27 anos de cura na montaña.

Escrito por Manuel Muñiz Besteiro (presidente da A.de Amigos do Patrimonio de Castroverde) en: <http://amigosdopatrimoniodecastroverde.blogspot.com>

EXPOSICIÓN “AS CORES DA TERRA, AS CORES DO CEO” DO SOCIO E MEMBRO DA XUNTA DIRECTIVA MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ NA SALA DE EXPOSICIÓNS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Durante os meses de xuño e xullo do 2010 na sala de exposicións do Pazo de San Marcos de Lugo, realizou unha exposición de pezas de cerámica o socio e membro da xunta directiva Manuel Fernández “Lolo”, da parroquia de Anséan. Nunha

sala ampla e ben equipada puidemos gozar dunha selección de máis de 150 pezas realizadas nos últimos anos por Lolo.

Formas torneadas ou levantadas con planchas, e logo coas superficies recubertas con esmaltes que



Anaco da exposición de Lolo na Deputación

el prepara, ensaia e perfecciona.

Baixo o título *As cores da terra, as cores do ceo*, as súas pezas ocuparon todo o espazo da sala. Da montaxe debemos destacar a “instalación” de homenaxe á cunca de barro (unha peza xa en desuso que tanta utilidade e función tivo nas xeracións pasadas para saciar a fame e a sede da xente).

Traballando coa terra (barro), coa auga, e co lume, Lolo recreáanos con formas que crean superficies, e superficies que teñen cor, unha reflexión íntima, persoal e da que puidemos gozar os socios de Arumes nunha das viaxes do “km 0” da Deputación.

III ENCONTRO CO AUTOR DO CLUB DE LECTURA: ROSA ANEIROS CO LIBRO “ÁS DE BOLBORETA”

A Asociación Cultural Arumes do Corgo, despois do éxito do primeiro e segundo libro do club de lectura, *Limpeza de sangue* de Rubén Ruibal (Premio Nacional de Literatura) e *Cando petan na porta pola noite* de Xabier P. Docampo (Premio Nacional de Literatura), -cuxos encontros cos autores se levaron a cabo no mes de agosto e decembro (respectivamente) con grande afluencia de público-, celebrou con grande ilusión esta terceira etapa do mesmo. Nesta ocasión, o libro escollido foi *Ás de bolboreta* de Rosa Aneiros, co

que obtivo o Premio Fundación Caixa Galicia 2009 ao mellor título de literatura xuvenil e o Premio The Withe Ravens (Internationale Jugend Bibliothek) no ano 2010.

O Club de lectura de Arumes comezou a funcionar a comezos de 2009 coa intención de dar lectura a un libro cada semestre (e así fomentar o consumo de literatura galega entre a poboación do Corgo e dos concellos limítrofes). A maiores a Asociación posúe un servizo de préstamo bibliotecario para os socios interesados.

O encontro coa autora levouse a cabo o venres, 18 de xuño de 2010, no Centro Sociocultural do Corgo ás 20:00 h. Ese día todas as persoas interesadas tiveron a oportunidade de coñecer a faceta máis persoal e profesional de Rosa Aneiros nun acto que se prolongou no tempo polas numerosas intervencións do público.

Nacida en Meirás (Valdoviño) no 1976, Rosa Aneiros é unha das escritoras galegas actuais máis prolíficas da literatura galega. No 2009 resultou gañadora co premio Xerais de novela pola obra *Sol de Inverno*. Actualmente traballa como xornalista dixital no Consello da Cultura Galega e colabora con numerosos medios de comunicación



Rosa Aneiros no encontro do Club de Lectura de Arumes

tanto impresos como dixitais.

PARTICIPACIÓN NO “ACTO CÍVICO E REIVINDICATIVO EN LEMBRANZA DO TRASLADO DOS RESTOS MORTAIS DE ROSALÍA DE CASTRO E POLA REAPERTURA DO PANTEÓN DE GALEGOS ILUSTRES”

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrou o xoves, 15 de xullo de 2010, día do 125 aniversario do falecemento de Rosalía, un

acto cívico e reivindicativo en lembranza do traslado dos restos mortais de Rosalía de Castro, que tivo lugar o 25 de maio de 1891.

Organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), o cortexo cívico contou co apoio e a colaboración de diversos colectivos populares, como as asociacións culturais Arumes do Corgo, O Galo, Medulio, Alexandre Bóveda, Auriense, LugoPatrimonio, Maio Longo, Solfa e Fundacións como Rosalía de Castro, Manuel María e Bautista Álvarez, entre as máis de 150 organizacións culturais, veciñais, xuvenís, etc.

O programa, ao que acudiron numerosos socios de Arumes, desenvolveuse do seguinte xeito:

- 16:45 Concentración na colexiata de Santa María de Iria, cemiterio de Adina (Padrón).**
- 17:45 Saída do tren, identificado co nome *Follas Novas*, cara a Santiago.**
- 18:00 Recepción do tren “Follas Novas” na estación de Santiago de Compostela**
- 18:45 Praza do Toural:** lectura de 3 poemas de *Cantares Gallegos*. Interpretación da peza *Cantigas e Agarimos* pola Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.
- 19:15 Praza da Universidade:** audición do *Pietat Signore*, de Stradella; lectura doutros tres poemas de *Cantares Gallegos*.
- 19:30 Praza de Cervantes:** escaparates da Librería Couceiro dedicados ás obras de Rosalía. Lectura doutros tres poemas.
- 19:45 San Domingos de Bonaval:** audición do *Ángelus*, de Massenet, lectura de poemas de *Follas Novas*, intercalando actuacións dos grupos musicais e artistas participantes, lectura do comunicado/manifiesto sobre os 125 anos de Rosalía e a reivindicación de apertura ao público do Panteón de Galegos Ilustres. Canto do Himno Galego.

EXCURSIÓN Á MARIÑA LUCENSE

O xoves, 29 de xullo de 2010 a Asociación Cultural Arumes do Corgo volveu a participar no programa “km 0” para visitar a zona da Mariña Oriental lucense. A saída foi ás 9:30 h fronte ao Centro Sociocultural do Corgo co seguinte programa por diante:

- ❖ Recepción na Deputación de Lugo.
- ❖ Visita ao centro de interpretación de Terras do Miño.
- ❖ Xantar en Rinlo (Ribadeo).
- ❖ Desprazamento ata Illa Pancha.
- ❖ Breve visita ao Castelo de San Damián (1624) e cargadeiro.
- ❖ Casco histórico: Torres dos Moreno e Palacio de Ibáñez.

Cunha participaron de 40 persoas a viaxe rematou ás 20:00 h no mesmo lugar da partida.

PARTICIPACIÓN NO “FESTIVAL FOLCLÓRICO DO RÍO 2010”

Outro ano máis Arumes volveu a participar no día grande (domingo) do Festival Folclórico do Río cunha carpa na que dúas persoas informaron durante todo o día o público interesado das múltiples actividades que a entidade realiza, así como a posibilidade de facerse coas guías das xornadas sobre patrimonio, a revista Corga, trípticos dos oficios artesanais...

II CARREIRA POPULAR “ARUMES DO CORGO”

Por segundo ano consecutivo Arumes encargouse de organizar a II Carreira Popular “Arumes do Corgo” coa colaboración económica da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo e do Concello do Corgo. A carreira foi presentada aos medios de comunicación o 27 de xullo no salón de actos da Deputación de Lugo.



Presentación da carreira na Deputación de Lugo

A carreira desenvolveuse o domingo, 22 de agosto de 2010, pola mañá, nas inmediacións do CEIP do Corgo e contou con mais de 50 colaboradores (socios de Arumes, operarios municipais, membros de protección civil, persoal sanitario, garda civil...), bastante público e arredor de 150 atletas.

No seguinte cadro pódense observar as categorías que participaban na carreira coa hora de saída, a distancia e os dorsais correspondentes.

CATEGORÍA	ANO DE NAC.	HORA	DISTANCIA	DORSAIS
Prebenxamín (H/M)	2003 e posteriores	10:30 h	320 m	1001-1100
Benxamín (H/M)	2001-2002	10:30 h	320 m	1101-1200
Alevín (H/M)	1999-2000	10:40 h	1800 m	1201-1300
Infantil (H/M)	1997-1998	10:40 h	1800 m	1301-1400
Cadete (H/M)	1995-1996	11:00 h	3550 m	1401-1500
Xuvenil (H/M)	1993-1994	11:00 h	3550 m	1501-1600
Júnior (H/M)	1991-1992	11:30 h	5300 m	1-1000
Promesa (H/M)	1988-1990	11:30 h	5300 m	
Senior (H/M)	1976-1987	11:30 h	5300 m	
Veteranos 1 (H/M)	1966-1975	11:30 h	5300 m	
Veteranos 2 (H/M)	1956-1965	11:30 h	5300 m	
Veteranos 3 (H/M)	1955 e anteriores	11:30 h	5300 m	

A entrega de premios realizouse fronte ao CEIP do Corgo ás 12:15 h. Estes constaban de:

- Prebenxamín e benxamín: trofeo para o primeiro de cada categoría, medalla especial para o segundo clasificado (para homes e mulleres) e medallas para o resto de participantes. Camisetas para todos.
- Alevín, infantil, cadete e xuvenil: trofeo para o primeiro e medallas para o segundo e terceiro de cada categoría (para homes e mulleres). Camisetas para todos.
- Júnior, promesa, senior e veteranos: trofeo para o primeiro e medallas para o segundo e terceiro de cada categoría (para homes e mulleres). Camisetas para os 150 primeiros.
- Carreira absoluta (5300 m):
 - Primeiro: 200 €
 - Segundo: 150 €
 - Terceiro: 100 €
 Categoría homes e mulleres.
- Entregarase unha medalla ao primeiro home e á primeira muller de cada categoría empadroados no concello do Corgo.
- Entregarase un trofeo ao participante máis novo e ao de máis idade



Saída da categoría de adultos da II Carreira Popular Arumes do Corgo.
O disparo de inicio volveuno dar o célebre atleta corgués Julio Gude

V XORNADAS SOBRE PATRIMONIO: “REGRESO AO MUNDO CASTREXO”

O disparo de saída destas V Xornadas sobre Patrimonio (a actividade máis veterana e mediática de todas cantas realiza a asociación) deuse no marco incomparable da galería Sargadelos de Lugo, o 24 de agosto, coa presenza de Xurxo, Mario (que presentaron as xornadas) e Felipe Arias (unha das voces de máis prestixio na temática) que fixo un adianto do que sería o seu relatorio.



Presentación aos medios de comunicación das V Xornadas sobre Patrimonio

Este ano o programa foi:

SÁBADO, DÍA 28 DE AGOSTO DE 2010

MAÑÁ:

- Ruta dos castros miñotos (circular):
- Saída: Igrexa de San Cosme de Manán ás 9:30 h
- Chegada (aproximada): Igrexa de San Cosme de Manán ás 13:00 h
- Lonxitude: 10,5 km
- Dificultade: media

- Percorrido: Igrexa de Manán-Rego-Vilanova-Pousada-Chamoso-Muíño da Areosa-San Fiz de Paradela-Igrexa de Manán.

SÁBADO, DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2010

MAÑÁ:

- Ruta dos castros altos (circular):
- Saída: Igrexa de Santalla do Alto ás 9:30 h (para quen non saiba do sitio, quedamos ás 9:15 h no campo da feira de Gomeán)
- Chegada (aproximada): Igrexa de Santalla do Alto ás 13:15 h
- Lonxitude: 11,5 km
- Dificultade: media
- Percorrido: Airexe-Fonteboa-Monte de San Agustín-Vilanova-Vilar-Golás-Vilar-Santalla-Casanova-Vigo-Airexe.

TARDE:

Tarde de cultura e lecer (escola vella de Gomeán e campo da feira):

17:30 h “A Cultura Castrexa en Lugo”, a cargo de Felipe Arias Vilas.

18:30 h Táboa redonda: “Patrimonio arqueolóxico: os problemas da conservación, valorización turística e compatibilidade cos usos agrarios”.

19:00 h “Actuación de música e bailes galegos”, a cargo da A. C. Legua Dereita do Corgo.



Grupo de camiñantes á saída da “Ruta dos castros altos”
unha miguíña máis abaixo da igrexa de Santalla do Alto

Coma todos os anos entregouse un libriño con información das rutas de sendeirismo a tod@s@s participantes nas V Xornadas sobre patrimonio. Esta guía (realizada por Mario Outeiro Iglesias e Ánxeles López Carballo) conta cun limiar, unha introdución á temática, unha presentación dos castros corgueses e dúas rutas de sendeirismo (a ruta dos castros Miñotos e dos

castros Altos) con información de detalle para que todos os interesados, pese a non estar sinalizadas, poidan desfrutar do percorrido sen perderse e coñecendo o rico patrimonio corgués. Tanto as xornadas como o libriño realizáronse coa colaboración económica da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo.



Portada da guía realizada co gallo das V Xornadas sobre Patrimonio

XORNADA REIVINDICATIVA CONTRA A CONSTRUCCIÓN DA MINICENTRAL DA FERVENZA

O sábado, día 18 de setembro de 2010, celebrouse no concello do Corgo unha xornada reivindicativa contra a construción do denominado “Salto de Tosende” nas inmediacións da Fraga da Fervenza. O acto, organizado polo BNG do Corgo e apoiado por Arumes, comezou cunha ruta de sendeirismo, ás 11:00 h, de 9 km entre a desembocadura do río Chamoso e a do río Neira. Ao pasar o muíño da Fervenza, nunhas rochas situadas no leito do río o secretario da A.C. Arumes do Corgo, Mario Outeiro Iglesias, leu un manifesto do que extractamos o anaco final e reproducimos fielmente:

A ruta de sendeirismo que estamos a realizar discorre á beira do río Miño nun espazo de gran riqueza natural pertencente á Reserva da Biosfera Terras do Miño (UNESCO, novembro de 2002) e integrada nunha gran ruta que une Lugo coa desembocadura do río Neira. Nela podemos admirar o espazo da desembocadura do río Chamoso no Miño, destacando o muíño e a ponte da Foz, así como a insua de Burneiros co seu recuperado caneiro para a pesca. Pero o punto forte da mesma atópase aos nosos pés; falamos da fraga da Fervenza.

A carón do río Miño o bosque da Fervenza recibe o seu nome polo salto de auga natural máis alto de todo o seu cauce. Un conxunto de lagoas, nadas das periódicas inundacións do Miño, rodeadas por carballos e castiñeiros centenarios, grosos amieiros, freixos, salgueiros... fan da fraga da

Fervenza un espazo único en Europa a xuízo dos expertos. Un total de trescentas hectáreas poboadas por animais e plantas propias das ribeiras fluviais nun lugar onde o Miño crea unha das numerosas ínsuas ao seu paso. A fraga da Fervenza foi declarada (de xeito provisional e ata xaneiro de 2011) Zona de Especial Protección dos Valores Naturais da Rede Natura pola Xunta de Galicia.

Ao pé do vello muíño da Fervenza a A.C. Arumes do Corgo volve reclamar a paralización da construción do salto de Tosende (agora xa absorbido pola empresa de turismo rural Casa Grande da Fervenza), como fixo xa en numerosas ocasións, co fin de que o paradisíaco sitio onde nos atopamos manteña o sabor nobre de antano; porque o progreso en Galiza non pode pasar por riba da natureza e do patrimonio cultural do país. Por enésima vez volvemos ver como as administracións públicas favorecen intereses empresariais de dubidosa legalidade fronte á indefensión dos pequenos propietarios das terras. Solidarizámonos tamén cos compañeiros do río Eo e do río Navia, onde vemos como arcaicas concesións hidráulicas saen á luz periódicamente baixo modernas carautas especuladoras.



Manifestantes ao inicio da ruta de sendeirismo nas inmediacións da ínsua de Burneiros

O manifesto rematou cuns versos sobre o río Miño de M^a do Carme Kruckenberg pertencentes a “Poemas sen resposta”. Ao final da xornada celebrouse un xantar entre os asistentes no local social da parroquia de Cela.

CURSO DE INICIACIÓN (10 H) AO DEPORTE DE ORIENTACIÓN

No mes de outubro celebrouse no concello do Corgo, organizado pola A.C. Arumes do Corgo, coa colaboración económica da Consellaría de Traballo e Benestar (Programa Iniciativa Xove), un "curso de iniciación ao deporte de orientación" no que participaron preto de 20 persoas. O curso impartírono Eugenio Rodríguez Núñez, responsable da sección de Orientación do Club Fluvial de Lugo, Eduardo Pérez Romero, profesor de ensino secundario e Manuel Rodríguez Acevedo, técnico deportivo superior.

Nestas xornadas lúdico-deportivas os participantes no curso puideron aprender as bases do deporte de orientación, as súas modalidades, normas para a participación nunha competición deste tipo, a roupa axeitada que se debe utilizar e os elementos materiais que se empregan, así como o seu manexo: compás, mapa, balizas, tarxetas de control, pinzas... Tamén se adquiriron destrezas para a orientación por observación do terreo, desprazamentos cun mapa orientado...

O programa completouse coa participación nunha carreira de orientación organizada polo Club Fluvial de Lugo sábado 16 de Outubro. Os participantes no curso desprazáronse ata as proximidades do monte Segade e participaron nunha xornada que resultou de moito agrado xa que todos completaron o percorrido ao seu ritmo e gozando da natureza e da experiencia.



Primeiro día de formación teórica no Centro Sociocultural

PASEO ORIENTADO POLA PARROQUIA DO CORGO

Unha vez rematado o curso de iniciación ao deporte de orientación, os/as participantes puideron poñer en práctica os coñecementos adquiridos, nun paseo orientado pola parroquia do Corgo (Guimarães, A Lagoa, Igrexa, Pazo...) o sábado, 30 de outubro de 2010.

Aos participantes, un grupo de valentes de todas as idades que desafiaron as inclemencias do tempo, proporcionóuselles un compás e un mapa da zona cos puntos polos que deberían pasar, onde estaban situadas as balizas que marcaban o percorrido.

A xornada resultou unha moi boa oportunidade para practicar o deporte de orientación dun xeito distendido e relaxado nun marco perfecto para o contacto coa natureza. Todos os que participaron foron agasallados, ao remataren o percorrido, cun compás de orientación que poderán empregar para practicar este deporte.



Participantes no paseo orientado antes de comezaren a xornada

EXCURSIÓN POLO COUREL DE UXÍO NOVONEYRA E LOUZARA DE FIZ VERGARA VILARIÑO E HOMENAXE AOS DOUS POETAS

O día 7 de novembro de 2010, uns 60 socios/as da Asociación Arumes do Corgo, co fin de homenaxear a figura do poeta Uxío Novoneyra no ano dedicado á súa figura pola Real Academia Galega, visitamos as terras do Courel.

Chegamos a Seoane sobre as dez e media da mañá. Iniciamos un percorrido a pé ata Parada, onde nos detivemos diante da casa do escritor. Alí entregáronse uns dípticos aos participantes,

explicativos da súa biografía e obra. Xurxo e Sandra leron algúns poemas de Uxío e o Presidente de Arumes compuxo un acróstico para a ocasión dedicado ao poeta do Courel.

Ula o vento, deixando
xílgaros nas rochas sombrizas,
ídolos de seixo
orfos de poetas.

Nos tesos cumes
ouvea o lobo,
ventando a morte:
o Courel esváese na mítica
néboa dos vañes, corozas
eterna dos castiros,
inzada de versos de seu
rimados no silencio
anímico dos soutsos.

Xurxo Rodríguez Lozano, marzo 2010



Socios de Arumes antes de comezaren a ruta de sendeirismo

Regresamos a Seoane para xantar, visitando polo camiño unha antiga ferrería. Xa pola tarde, saímos cara ao Incio pola estrada de Seoane a Samos desviándonos pola ponte de Lóuzara ata Santalla, aproveitando así a ocasión de visitar a casa do poeta Fiz Vergara Vilariño.

Por último, continuamos cara á Ferrería do Incio e igrexa de Hospital.

Pasando polo Incio, rematamos un día de lecer e de recoñecemento aos nosos escritores, regresando ao punto de partida en Gomeán.

OBRADOIRO DE RECICLAXE: “O CONSUMO RESPONSABLE”, COA COLABORACIÓN DA

ASOCIACIÓN A COVA DA TERRA E DA ANPA DO CEIP DO CORGO

O sábado, día 13 de novembro de 2010, de 11:00 h a 13:00 horas celebrouse o "Obradoiro de reciclaxe: o consumo responsable" no Centro Sociocultural do Corgo, organizado por: Arumes do Corgo; Cova da Terra e a ANPA do CEIP do Corgo, coa colaboración de: Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo e o Concello do Corgo. Foi unha actividade moi participativa, xa que asistiron uns trinta nenos e nenas de distintas idades. Resultou moi interesante e pedagóxica polos contidos alí desenvolvidos e polas conclusións acadadas ao remate da mañá.



Grupo de nenos aprendendo a reciclar dun xeito lúdico

PARTICIPACIÓN CO RELATORIO “O PROXECTO ARUMES COMO FONTE DE INICIATIVAS CULTURAIS NO CORGO” EN “FEIREANDO. XORNADA DE CONVIVENCIA ARREDOR DA RUTA DAS FEIRAS”, CELEBRADA EN FRIOL

O sábado, día 18 de decembro de 2010, celebrouse co Centro sociocultural de Friol unha xornada de convivencia arredor da ruta das feiras denominada “Feireando”, organizada pola Asociación Terras de Lugo (fundada por iniciativa da Asociación Cultural Arumes do Corgo e da que foi presidente dende a súa fundación en xullo de 2008 ata outubro de 2010 o secretario de Arumes, Mario Outeiro Iglesias).

Durante a mañá as entidades máis activas da comarca de Lugo foron expoñendo en quendas de 20 minutos o seu traballo no eido do desenvolvemento rural. Alí estivo a A.C. Arumes do Corgo cun relatorio titulado “O proxecto Arumes como fonte de iniciativas culturais no concello do

Corgo”, presentado por Roberto Rodríguez Páramo (secretario do C.E.C.) e Mario Outeiro Iglesias (secretario de Arumes).

Despois do xantar proseguíronse os actos no Centro Sociocultural de Friol coa representación dunha obra de teatro, a presentación do proxecto denominado “Ruta das feiras”, un relatorio sobre políticas de desenvolvemento e a actuación musical do grupo A Quenlla.



Presentación do proxecto cultural “Arumes” en Friol

IV CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”

Por cuarto ano consecutivo, a Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, quixo premiar a todos os/as autores que expresan no papel os seus sentimentos, empregando como ferramenta a lingua do país. Unha iniciativa pioneira no Corgo e nos concellos da contorna que debido á alta participación, á calidade dos traballos e á valía do xurado estase a converter nun certame literario recoñecido a nivel galego.

As **bases** do certame foron as seguintes:

1. Temática e idioma: A organización do certame non quere limitar a imaxinación dos autores. A única norma é que a obra se redacte en LINGUAGALEGA.
2. Categorías:
 - ❖ CATEGORÍA INFANTIL (dos 10 aos 14 anos).
 - ❖ CATEGORÍA XUVENIL (dos 14 aos 18 anos).
 - ❖ CATEGORÍA ADULTOS (maiores de 18 anos).

3. Modalidades:
 - ❖ POESÍA (de 30 a 60 versos)
 - ❖ RELATO CURTO (de 3 a 6 folios escritos a dobre espazo).

NOTA: A categoría infantil non ten límite de espazo inferior, pero si superior.

4. Presentación: cada participante poderá presentar varios traballos (non premiados noutros certames literarios). Entregaranse mecanografados (non é necesario na categoría infantil) indicando a categoría, modalidade, título e pseudónimo e achegando nun sobre pechado a información persoal: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. Remitiránse ao seguinte enderezo: A. C. Arumes do Corgo. Antigas escolas do Corgo s/n, 27.163 O Corgo (Lugo).
5. Prazo: o prazo de entrega rematará o día 26 de novembro de 2010.
6. Premios: para cadansúa CATEGORÍA establécense 1º e 2º premio de poesía, e tamén 1º e 2º premio de relato. Cada premio consiste nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma.
7. Xurado: estará composto por membros da Xunta Directiva da Asociación e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras.
8. Entrega de premios: a cerimonia de entrega de premios realizarase o sábado, día 18 de decembro de 2010 no centro sociocultural do concello do Corgo acompañada de actuacións e de varias sorpresas.
9. Non premiados: Os traballos non premiados e as súas correspondentes plicas serán destruídas no prazo dun mes despois do fallo, se os/as autores/as non o solicitan.
10. Outros: A presentación ao premio supón a conformidade coas presentes bases por parte dos/as concursantes. A Asociación Cultural Arumes resérvase todos os dereitos de publicación das obras premiadas (en papel, CD ou mediante internet).

Foron premiados nesta edición os seguintes autores:

CATEGORÍA: INFANTIL

Modalidade: poesía

1º premio: Ana Celeiro Sal, de Espasande (Castroverde), pola obra *O outono*.

2º premio: María López Pérez, de Cela (O Corgo), pola obra *Á beira do Neira*.

1º accésit: Ángela Rincón Rodríguez, de Sarria, pola obra *A lúa*.

Modalidade: relato

1º premio: Judit Lourido Villa, de Nadela (Lugo), pola obra *Lobezno e a lúa*.

2º premio: Silvia López López, de Mirandela (Castroverde), pola obra *Cousas da vida, xa sabes...*

1º accésit: Andrea Varela Díaz, de Barredo (Castroverde), pola obra *O trasno do Monte Patuco*.

2º accésit: Rubén Manuel Torrón Vázquez, de Manán San Cosme (O Corgo), pola obra *A fábula de Wall Street*.

CATEGORÍA: XUVENIL

Modalidade: poesía

1º premio: Elisabet Rey González, de Noia, pola obra *O que eramos e agora xa non somos*.

2º premio: Cristina Pernas Pereiro, de Paradela (O Corgo), pola obra *O Corgo*.

Modalidade: relato

1º premio: Sandra López López, da Veiga de Anzuelos (Láncara), pola obra *Carta a unha amiga maltratada*.

2º premio: Antía Tacón García, de Lugo, pola obra *A viaxe de Karima*.

CATEGORÍA: ADULTOS

Modalidade: poesía

1º premio: Xosé Otero Canto, de Lugo, pola obra *Chuchas acaroadas das vagas*.

2º premio: Natalia Alonso Ramos, de Vilaronte (Foz), pola obra *A equilibrista e o circo*.

Modalidade: relato

1º premio: Pedro Naveira Pedreira, da Coruña, pola obra *Unha viaxe desacougante*.

2º premio: Xosé Luís Vázquez Somoza, de Zolle (Guntín), pola obra *Conta xusta*.

Como xa se anunciaba nas Bases do concurso, a entrega de premios celebrouse, o sábado, 18 de decembro, ás 21:00 h, no Centro Sociocultural do Corgo. Unha ducia de premios, nas especialidades de poesía e relato, foron repartidos nas categorías infantil, xuvenil e adultos. Ademais da entrega dos galardóns para os premiados (lote de libros, un diploma acreditativo e unha peza de cerámica), os asistentes ao acto puideron gozar coa actuación do grupo de música e baile tradicional **Legua Dereita** do Corgo, un **recital** das poesías gañadoras e como remate do evento, un concerto de música tradicional a cargo do grupo **Saltanocribo**.

As pezas de cerámica entregadas aos gañadores representan pombas e pombais e son pezas únicas do ceramista do Corgo **Lolo de Anseán**.

Nesta edición, o xurado estivo formado polas seguintes persoas.

- **D. Xurxo Rodríguez Lozano**, Presidente de Arumes e Profesor de Lingua castelá e Lingua galega.
- **D. Xosé Manuel Castro Castedo**, Profesor de Lingua galega e portuguesa.
- **D. Xabier P. Docampo**, escritor.
- **D. Isidro Novo**, escritor.
- **Dña. Pilar García Negro**, catedrática de Lingua e Literatura galega.

Actuou de secretario **Mario Outeiro Iglesias** (secretario de Arumes e Profesor de Ensino Secundario). Colaboraron co xurado na selección da categoría infantil os membros da directiva de Arumes: **Dña. Mª Consuelo Vázquez Castro**, **Dña. Josefa González Díaz** e **D. Roberto Rodríguez Páramo**.

O éxito deste IV Certame Literario, no que se incrementaron nun 100% as obras presentadas, a súa calidade e a asistencia de público aos actos de entrega de premios, animan á Asociación Arumes a continuar recoñecendo en futuras edicións os traballos de todas aquelas persoas de diferentes idades que teñen inquedanzas literarias e que deciden expresalas na nosa lingua



Cartel publicitario da gala de entrega de premios

